



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS DE ADAPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE PERCEBE DENDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DO GROVE

ANTECEDENTES

1. O día 04.01.2023 a Subdirección Xeral de Acuicultura remite a esta Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo solicitude do Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (DXPAIT) relativa á avaliación de presenza de mexilla e percebe e a adopción, se procede, de medidas de adaptación a respecto das áreas de autorización de extracción de ambos recursos, tendo en conta a información facilitada polo CIMA, xuntando a esta solicitude planos correspondentes ao ámbito do plan de percebe da Confraría de Pescadores do Grove no que se propoñen zonas de cambio de ZEP a ZEM, así como as fichas correspondentes ás zonas propostas que forman parte do estudo da abundancia de mexilla en outono de 2022 (CIMA).
2. O día 25.01.2023 o CIMA emite "*Informe técnico sobre o cálculos de proporción de lonxitudes de costa, dispoñibilidade e cobertura media de mexilla segundo propostas de zonificación en plans de xestión de percebe*" no que se fai un novo cálculo das lonxitudes de costa, dispoñibilidade e coberturas medias de mexilla.
3. O día 27.01.2023, a DXPAIT, logo de someter a consulta do sector a proposta inicial do 04.01.2023, solicita informe a esta Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo, sobre a proposta alternativa aportada pola Confraría de Pescadores do Grove.
4. O día 06.02.2023 a bióloga da Xefatura Comarcal de Carril, con base no estudo da abundancia de mexilla en outono de 2022 (No-Couto, et al., 2022), emite un informe sobre a revisión das zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón propostas pola DXPAIT no plan de xestión.
5. O día 06.02.2023, a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo ditou Resolución acordando o inicio do procedemento de adopción de medidas de adaptación do Plan de xestión de percebe da Confraría de Pescadores do Grove e a súa tramitación pola vía de urxencia, de conformidade co establecido no artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e cos efectos previstos no citado artigo.
6. O día 06.02.2022, a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo envioulle unha proposta á Confraría de Pescadores do Grove. Nesta proposta outorgoulle un prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións. O día 13.02.2023 a Confraría de Pescadores do Grove presenta alegacións a esta proposta.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Os plans de xestión son instrumentos cuxa aprobación corresponde á Consellería competente en materia de pesca, previa audiencia do sector afectado, a través dos cales se regulan as medidas técnicas, os horarios e o réxime de calamento das artes de pesca e do marisqueo. Estes plans, que poderán ser elaborados a proposta das entidades asociativas do sector, poderán incluír tamén limitacións de capturas, capacidade e esforzo pesqueiro (art. 7.2 da Lei 11/2008 de Pesca de Galicia).



O artigo 6.1 da Lei, indica que: *“A adopción de medidas restritivas orientadas á recuperación dos recursos farase de xeito gradual, procurando minimizar os posibles desequilibrios socioeconómicos que poidan derivar da súa adopción”.*

Na mesma liña, o artigo 2 da Lei establece que: *“A política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais”.*

2. O art. 1 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, desenvolve esta previsión legal, ao establecer como obxecto deste Decreto a regulación do réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa finalidade é garantir unha xestión sustentable dos recursos marisqueiros tendo en conta aspectos ambientais, económicos, sociais e de emprego (art. 2).

3. A explotación de percebe realízase no marco de plans de xestión dentro dun ámbito territorial coa posibilidade, establecida no artigo 13.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, de que os plans podan reservar zonas de extracción para a semente de mexillón. Esta medida responde á necesidade de protección e conservación do percebe en zonas concretas do ámbito do plan, ante a realidade da coexistencia de percebe e semente de mexillón nos bancos naturais, supoñendo que pode haber zonas nas que se poderá extraer percebe e semente de mexillón, e outras zonas nas que só se poderá extraer percebe.

4. A Circular MA-03-2021 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (DXDP) relativa ás zonas de reserva para extracción da semente de mexillón nos plans de xestión de percebe para o trienio 2022-2024 ten como obxectivo facilitar a presentación e avaliación das propostas de plans de xestión de percebe para este trienio.

5. A STSXG 415/2021, do 20 de setembro de 2021, rec. 4035/2020, en relación o recurso contencioso administrativo interposto por varias asociacións do sector mexilloeiro contra o Decreto 153/2019, do 21 de novembro, determina no seu fundamento de dereito sexto en relación á non vulneración do principio de proporcionalidade, que serán os plans de xestión que aprobe a Consellería os que en cada caso teñan que valorar a proporcionalidade das medidas que nos mesmos se establezan en orde á regulación da conservación e explotación dos recursos marisqueiros.

6. O día 30.09.2021 a Confraría de Pescadores do Grove presentou a proposta de plan de xestión propoñendo reservar zonas concretas á extracción de semente de mexillón como medida para garantir a protección do percebe no ámbito do plan (PE410A 2021/29-5).

7. A Orde do 22 de decembro de 2021, aprobou no seu artigo 2 os plans de xestión de percebe para o trienio 2022-2024 nos que se inclúen zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón (ZEM) e zonas de explotación exclusiva de percebe (ZEP) e as coordenadas xeográficas delas que se relacionan no cadro B. Os mapas destas zonas no ámbito territorial do plan de xestión publicáronse na páxina web:

https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla_zonasexclusivaspercebe.

8. O artigo 21.1 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, establece que *“As Xefaturas Territoriais poderán adaptar medidas para favorecer o cumprimento dos obxectivos dos plans, atendendo os obxectivos recollidos no punto 1 do artigo 6 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia, logo de consulta coas entidades titulares destes, no marco do desenvolvemento dos plans de xestión”.*





9. O artigo 58.3 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que as Xefaturas Territoriais adaptarán as medidas do plan de xestión, en función dos datos de seguimento dos indicadores dos obxectivos establecidos no plan, cando exista:

- a) Informe emitido por persoal técnico da Consellería.
- b) Proposta de adaptación da Xefatura Territorial á/ás entidade/s titular/es do plan de xestión.

10. De acordo coa biomasa estimada por Brea Bermejo, E., 2009 (*Cartografiado y dinámica de poblaciones de los bancos naturales de semilla de mejillón en las costas atlánticas gallegas*) para a semente de mexillón nos ámbitos territoriais das confrarías de Pontevedra, nas que actualmente existen ZEP nos plans de xestión de percebe en vigor, a Confraría de Pescadores do Grove presenta un valor entre 452 e 945 TM de mexilla.

11. Tendo en conta a variabilidade interanual na abundancia e distribución deste tipo de recursos, có obxecto do aproveitamento e xestión sustentable destas dúas especies mariñas, a Consellería do Mar encomendou ao CIMA diferentes accións investigadoras. Entre estas accións atópase o estudo da abundancia de mexilla en outono de 2022, que utilizou un protocolo específico desenvolto no CIMA (No-Couto et al., 2022) que avalía a abundancia de mexilla e anota a presenza de percebe nas zonas que foron obxecto de visita polos seus técnicos.

12. A DXPAIT, á vista dos estudos do CIMA arriba indicados e tras consultar a ambos sectores, solicitou informe técnico para revisar a delimitación das zonas ZEP e ZEM establecidas no plan de xestión, axustando á realidade dos recursos no momento actual por se, como resultado, se podería axustar a proporcionalidade indicada na ficha do plan.

13. Considerando:

- a) O informe de día 06.02.2023, da bióloga da Xefatura Comarcal de Carril, con base no estudo da abundancia de mexilla en outono de 2022 (No-Couto, et al., 2022) sobre a revisión das zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón propostas pola DXPAIT no *Plan de Xestión de Percebe dende Embarcación*, da Confraría de Pescadores do Grove.
- b) As zonas propostas de cambio, a información aportada, a mostraxe do CIMA, os recálculos da proporcionalidade e os datos do seguimento do plan.
- c) Os obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos, para o plan de xestión.

Esta Xefatura Territorial considera que sería aceptable o cambio de clasificación a ZEM dos tramos: Illote Colmado, Capela da Lanzada por terra (sen a Illa) e Punta Corbeiro.

Deste xeito, por todo o anteriormente indicado e de conformidade co artigo 21 do Decreto 153/2019 de 21 de novembro, esta Xefatura Territorial,

RESOLVE:

Adaptar o Plan de Xestión de Percebe dende Embarcación da Confraría de Pescadores do Grove, modificando a clasificación da zona dos tramos: **Illote Colmado, Capela da Lanzada por terra (sen a Illa) e Punta Corbeiro, que pasarán a ser zona ZEM.**

Na ficha do Plan de Xestión de Percebe dende Embarcación da Confraría de Pescadores do Grove, onde se recollen as consideracións sobre as condicións de aprobación do mesmo, débese modificar o apartado "*Zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón*", de xeito que,





A) ONDE DÍ:

A Confraría de O Grove dentro do plan de xestión de percebe dende embarcación solicita as seguintes zonas para extracción exclusiva de percebe e de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón coa finalidade de preservar o recurso e asegurar a extracción de ambas especies nas zonas en que conviven as dúas actividades.

1) Para a reserva para a extracción de semente de mexillón:

- De punta Area Grande ata as últimas rochas de praia de Castiñeira agás Illotes Pombeiro e Pombeiriño.
- Dende pedras praia da Barrosa ata o inicio da praia da Lanzada (inclúe punta Raeiros), agás illotes Lobeiras de Terra e rochedos da zona de Paxareiros.
- Punta Colmado, punta Lapa e zona de Portomouro.

2) Para a extracción exclusiva de percebe:

- Illotes Pombeiro e Pombeiriño
- Rochas da praia Castiñeira á Barrosa, incluíndo illotes.
- Punta Paxareiros.
- Illote Colmado, illa e Capilla da Lanzada, e de punta Corbeiro ata punta Faxilda.

DEBE DICIR:

A Confraría do Grove, dentro do plan de xestión de percebe dende embarcación, solicita as seguintes zonas para extracción exclusiva de percebe e de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón coa finalidade de preservar o recurso e asegurar a extracción de ambas especies nas zonas en que conviven as dúas actividades.

1) Para a reserva para a extracción de semente de mexillón:

- De punta Area Grande ata as últimas rochas de Praia de Castiñeira agás Illotes Pombeiro e Pombeiriño.
- Dende Pedras Praia Barrosa ata o inicio da Praia da Lanzada (inclúe Punta Raeiros), agás illotes Lobeiras de Terra e rochedos da zona de Paxareiros.
- Punta Colmado, Punta Lapa e zona de Portomouro.
- **Illote Colmado, Capela da Lanzada por terra (sen a Illa) e Punta Corbeiro.**

2) Para a extracción exclusiva de percebe:

- Illotes Pombeiro e Pombeiriño.
- Rochas da praia Castiñeira á Barrosa, incluíndo illotes.
- Punta Paxareiros.
- **Illas da Lanzada e Punta Faxilda.**

B) ONDE DÍ:

Á vista da proposta da xefatura territorial de Vigo, da valoración exposta no informe do persoal técnico da Consellería do Mar e de acordo co disposto na Circular MA-03-2021, acéptase a reserva das zonas para a extracción de semente de mexillón e de zonas exclusivas para a explotación de percebe que se relacionan no Anexo II, polos seguintes motivos:

1) Determínanse zonas do ámbito do plan de xestión na que coexisten actividades de extracción de percebe e semente de mexillón e resultan diverxencias entre ambas, aportase información (coordenadas, descrición da zona e plano de localización) das zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón e das zonas para a explotación exclusiva de percebe, que permiten a súa delimitación e valoración.

2) Xustifícase a importancia produtiva do percebe nas zonas de explotación exclusiva de percebe pola súa calidade alta ou moi alta.

3) Xustifícase a proporcionalidade da medida ante intereses concorrentes. A zona de reserva para a extracción de semente de mexillón representa o 65,13% da lonxitude do plan de xestión, a porcentaxe do total de mexilla dispoñible no plan sería dun 64,84% e a cobertura media de mexilla na zona dun 45,75%.





Cálculos baseados no informe técnico CIMA RM2 2021_02. Información técnica de apoio para avaliar o criterio de proporcionalidade nas propostas de zonas de reserva para a extracción de mexilla en plans de xestión de percebe.

4) A medida responde á necesidade de protección e conservación do percebe en zonas concretas do ámbito do plan, contribuíndo á viabilidade da explotación sostible deste recurso.

B) DEBE DICIR

Á vista da proposta da Xefatura Territorial de Vigo, da valoración exposta no informe do persoal técnico da Consellería do Mar e de acordo co disposto na Circular MA-03-2021, acéptase a reserva das zonas para a extracción de semente de mexillón e de zonas exclusivas para a explotación de percebe que se relacionan no Anexo II, polos seguintes motivos:

1) Determínanse zonas do ámbito do plan de xestión na que coexisten actividades de extracción de percebe e semente de mexillón e resultan diverxencias entre ambas, aportase información (coordenadas, descrición da zona e plano de localización) das zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón e das zonas para a explotación exclusiva de percebe, que permiten a súa delimitación e valoración.

2) Xustifícase a importancia produtiva do percebe nas zonas de explotación exclusiva de percebe pola súa calidade alta ou moi alta.

3) Xustifícase a proporcionalidade da medida ante intereses concorrentes. A zona de reserva para a extracción de semente de mexillón representa o 65,13% da lonxitude do plan de xestión, a porcentaxe do total de mexilla dispoñible no plan sería dun 64,84% e a cobertura media de mexilla na zona dun 45,75%.

Cálculos baseados no informe técnico CIMA RM2 2021_02. Información técnica de apoio para avaliar o criterio de proporcionalidade nas propostas de zonas de reserva para a extracción de mexilla en plans de xestión de percebe.

4) A medida responde á necesidade de protección e conservación do percebe en zonas concretas do ámbito do plan, contribuíndo á viabilidade da explotación sostible deste recurso.

5) Os estudos realizados polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), no mes de outubro de 2022 "Abundancia de mexilla en outono de 2022" (No-Couto et al.,2022) actualizan a información que serviu de base para a realización dos cálculos de proporcionalidade e, de acordo cos informes técnicos desta Xefatura Territorial, permiten adecuar de xeito xustificativo unha zonificación máis proporcional e un aproveitamento e xestión sustentable da semente de mexillón e de percebe.

Consecuentemente, modifícase tamén o ANEXO II da ficha do Plan de Xestión de Percebe dende Embarcación, da Confraría de Pescadores do Grove, onde se recollen as zonas ZEM coas súas coordenadas xeográficas.

Contra esta Resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Esta Resolución notifícaselle á Confraría de Pescadores do Grove, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A Xefa Territorial
Sonia Lorenzo Santos





ANEXO

